



Nº Expediente: 2017/C005/000005

Asunto: Contratación de CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (3)

ACTA DE VALORACIÓN DA SEGUNDA OFERTA PRESENTADA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

Subministro: CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

Importe de licitación: 49.585,00 € e 10.412,85 € de IVE (total IVE incluído: 59.997,85 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste o vogal don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do venres 10 de novembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da segunda oferta presentada ou ratificación da primeira e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación para adxudicar a obra/subministro anteriormente citada/o.

Non consta a presentación de nova documentación por parte das empresas participantes na presente licitación, polo que se entende a ratificación de todas elas na oferta inicialmente presentada, e polo tanto se consideran definitivas as puntuacións outorgadas na reunión da Mesa de contratación de data 31.10.2017.

Polo tanto, a Mesa acorda:

1.- Declarar concluída a negociación da presente licitación.

2.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato "CAMIÓN CON PLATAFORMA ELEVADORA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS " á seguinte empresa, por ofrecer a oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

Empresa: SOOS MAQUINARIA, S.L.



Prezo: 49.500,00 euros e 10.395,00 euros de IVE, cun total de 59.895,00 euros.

3.- Reunirse de novo para cualificar a documentación que deberá presentar este licitador, de acordo co previsto no Prego-tipo de cláusulas administrativas; unha vez requirido polo órgano de contratación, con carácter previo á adxudicación.

4.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:15 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.